

Informe de Auditoría de Contas Anuais da
FUNDACIÓN GALIZA SEMPRE do exercicio
pechado ao **31/12/2024**.

Emitido por **Auditora Galega de Contas, S.L.P.**
Sociedade de Auditoría inscrita no R.O.A.C. co
número S1920. Domiciliada en R/ O Buxo 1, baixo
15.895 Milladoiro, Ames.

**INFORME DE AUDITORÍA DE CONTAS ANUAIS DE PEMES DE ENTIDADES SEN FINS LUCRATIVOS
EMITIDO POR UN AUDITOR INDEPENDENTE.**

Aos membros do Padroado da Fundación Galiza Sempre, por encargo do seu Presidente:

Opinión

Temos auditado as Contas Anuais Abreviadas da **FUNDACIÓN GALIZA SEMPRE** que comprenden o balance abreviado **ao 31 de decembro de 2024**, a conta de resultados abreviada e a memoria abreviada correspondentes ao exercicio rematado en dita data.

Na nosa opinión, as contas anuais abreviadas adxuntas expresan, en tódolos aspectos significativos, a imaxe fiel do patrimonio e da situación financeira da **FUNDACIÓN GALIZA SEMPRE, ao 31 de decembro de 2024**, así como dos seus resultados-correspondentes ao exercicio anual rematado en dita data, de conformidade co marco normativo de información financeira que resulta de aplicación (que se identifica na nota 2 da memoria) e, en particular, cos principios e criterios contables contidos no mesmo.

Fundamento da opinión

Realizamos a nosa auditoría de conformidade coa normativa reguladora da actividade de auditoría de contas vixente en España. As nosas responsabilidades de acordo con ditas normas descríbense máis adiante na sección de Responsabilidades do auditor en relación coa auditoría das contas anuais do noso informe.

Somos independentes da Entidade de conformidade cos requirimentos de ética, incluídos os de independencia, que son aplicables á nosa auditoría de contas anuais en España segundo o esixido pola normativa reguladora da actividade da auditoría de contas. Neste sentido, non prestamos servicios distintos ós da auditoría de contas nin concorreron situacións ou circunstancias que, de acordo co establecido na citada normativa reguladora, afectasen á nosa necesaria independencia de xeito que se teña visto comprometida.

Consideramos que a evidencia de auditoría que obtivemos proporciona unha base suficiente e axeitada para a nosa opinión.

Aspectos máis relevantes da auditoría

Os aspectos máis relevantes da auditoría son aqueles que, segundo o noso xuízo profesional, foron considerados como os riscos de incorrección material máis significativos na nosa auditoría das contas anuais do período actual. Estes riscos foron tratados no contexto da nosa auditoría das contas anuais no seu conxunto, e na formación da nosa opinión sobre estas, e non expresamos unha opinión por separado sobre eses riscos.

Determinamos que non existen riscos máis significativos considerados na auditoría que se deban comunicar no noso informe.

Outras Cuestións.

As contas anuais do exercicio pechado a 31 de decembro de 2023 da Fundación Galiza Sempre foron auditadas por outro auditor que emitiu a súa opinión non modificada con data 18 de xullo de 2024.

Outra Información: Memoria de actividades.

A outra información comprende exclusivamente a Memoria de Actividades do **exercicio 2024**, cuxa elaboración é responsabilidade do Tesoureiro do Padroado da Entidade e non forma parte integrante das contas anuais.

